

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA

*Corrección de erros.-Orde do 28 de decembro de 2007 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso no corpo superior de Administración da Xunta de Galicia (grupo A).*

Advertido erro na devandita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 7, do 10 de xaneiro de 2008, é necesario facer a seguinte corrección:

Na páxina 538, onde di:

«I.3.1. Os que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante instancia que se axustará ao modelo que se publica como anexo III desta convocatoria. Xunto coa instancia presentárase o xustificante de ter aboados os dereitos de exame, expedido pola entidade bancaria correspondente.

De conformidade co disposto na Lei 6/2003, ...».

Debe dicir:

«I.3.1. Os que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante instancia que se axustará ao modelo que se publica como anexo III desta convocatoria. Xunto coa instancia presentárase a seguinte documentación:

a) Fotocopia do DNI ou pasaporte.

Ademais, os aspirantes estranxeiros deberán presentar documento que acredite que é nacional da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Os familiares dos anteriores deberán presentar ademais fotocopia compulsada dun documento que acredite esta condición.

b) Xustificante de ter aboados os dereitos de exame, expedido pola entidade bancaria correspondente.

De conformidade co disposto na Lei 6/2003, ...».

*Corrección de erros.-Orde do 28 de decembro de 2007 pola que se convoca proceso selectivo para o ingreso no corpo administrativo da Xunta de Galicia (grupo C).*

Advertido erro na devandita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 7 do 10 de xaneiro de 2008, é necesario facer a seguinte corrección:

-Na páxina 596, onde di:

«I.3.1. Os que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante instancia que se axustará ao modelo que se publica como anexo II desta convocatoria. Xunto coa instancia presentárase o xustificante de ter aboados os dereitos de exame, expedido pola entidade bancaria correspondente.

De conformidade co disposto na Lei 6/2003, ...».

Debe dicir:

«I.3.1. Os que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán facelo constar mediante instancia que se axustará ao modelo que se publica como anexo II desta convocatoria. Xunto coa instancia presentárase a seguinte documentación:

a) Fotocopia do DNI ou pasaporte.

Ademais, os aspirantes estranxeiros deberán presentar documento que acredite que é nacional da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Os familiares dos anteriores deberán presentar ademais fotocopia compulsada dun documento que acredite esta condición.

b) Xustificante de ter aboados os dereitos de exame, expedido pola entidade bancaria correspondente.

De conformidade co disposto na Lei 6/2003, ...».

-Na páxina 603, onde di:

«22. Principios básicos da Lei de contratos das administracións públicas. A selección do contratista. Dereitos e deberes do contratista e da Administración.

23. Os contratos administrativos: natureza, caracteres e clases. Elementos: suxeitos, obxecto, causa e forma. Formas de adxudicación dos contratos.»

Debe dicir:

«22. Os contratos administrativos, segundo a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público: natureza, caracteres e clases. Elementos: suxeitos, obxecto, causa e forma. Formas de adxudicación dos contratos.

23. Contido e efectos dos contratos administrativos: prerrogativas da Administración e equilibrio financeiro. Cumprimento dos contratos administrativos. Risco e ventura e forza maior na contratación administrativa. Revisión de prezos. Resolución, rescisión e renuncia.»